

PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE PARA MAIORES DE 25 ANOS
LINGUA ESTRANXEIRA – FRANCÉS
CRITERIOS DE CORRECCIÓN E AVALIACIÓN – ANO ACADÉMICO 2013-2014

A. Obxectivos e tipoloxía da proba e criterios xerais de corrección e avaliación.

Conforme ao documento que establece as características e a tipoloxía da proba de Francés-Maiores de 25 anos para o ano académico 2013-2014, o exame ten como obxectivo xeral a comprobación do coñecemento funcional da lingua francesa por parte dos-das candidatos-as, a un nivel medio, no seu uso escrito e no seu rexistro formal, ao tempo que se consideran outras destrezas básicas como a comprensión de conceptos e a capacidade para relacionar, analizar e sintetizar.

A partir do texto proposto (24 liñas / 381 palabras) fórmulanse en francés 6 preguntas, ás que se debe responder obrigatoriamente en francés. O-a candidato-a debe aterse estrictamente ás indicacións e instrucións que se ofrecen no enunciado de cada apartado e nas súas respostas debe demostrar o grao de comprensión total e parcial do texto e a súa capacidade para expresarse de forma efectiva e correcta, achegando elementos expresivos persoais, considerándose como defecto grave a reprodución literal do texto proposto. Así mesmo, terase en conta a coherencia e a ordenación lóxica na exposición do discurso.

Na primeira pregunta [1 punto] débese elaborar un pequeno resumo (1-2 liñas) que recolla o máis fielmente posible a idea ou ideas principais do texto, demostrando que se entenderon e se poden sintetizar as súas liñas xerais.

Na avaliación deste apartado tense en conta o grao de comprensión do texto, a capacidade de síntese e os aspectos estrictamente lingüísticos.

A segunda pregunta [1 punto, 0,5 cada subapartado] céntrase na comprensión de dúas estruturas semánticas do texto. O-a candidato-a debe explicar en francés, coas súas propias palabras e de xeito sinxelo (por medio dunha definición, dunha breve paráfrase, de sinónimos...) as dúas palabras, frases ou expresións propostas no seu contexto.

Na avaliación deste apartado terase en conta o grao de adecuación da explicación ou definición ás expresións propostas e os aspectos estrictamente lingüísticos.

As preguntas 3 [2 puntos] **e 4** [2 puntos] tratan de verificar a comprensión progresiva do contido temático do texto. Nelas requírese responder do xeito máis extenso posible á pregunta formulada no enunciado, exclusivamente coa información contida no texto (non se admitirán valoracións persoais ou informacións non recollidas no texto), achegando a propia expresión (considerándose como defecto e penalizándose a reprodución literal do texto proposto).

Na corrección e avaliación destes apartados tense en conta o grao de comprensión do texto, a coherencia e a ordenación lóxica do discurso e os aspectos estrictamente lingüísticos.

A quinta pregunta [2 puntos, 1 punto por cada subapartado] trata de comprobar o dominio das estruturas gramaticais básicas da lingua francesa (transformar ou completar estruturas sintácticas, formas verbais, uso e colocación de pronomes, formación de femininos e plurais...) introducindo, se for necesario, algún elemento expresivo persoal; a este obxectivo principal engádese ademais un exercicio de comprensión e coherencia.

• **Resposta subapartado 5.1:** Dernière [0,25 puntos]. Quotidienne [0,25 puntos]. Belle [0,25 puntos]. Sérieuse [0,25 puntos].

• **Resposta subapartado 5.2:** La brosse électrique est devenue la référence [0,25 puntos]. Peu de Français ont été à leur domicile à midi [0,25 puntos]. L'UFSBD s'est appuyée sur des nouvelles données [0,25 puntos]. L'UFSBD a sorti une arme secrète [0,25 puntos].

Na sexta pregunta pregunta preténdese que o-a candidato-a exprese en francés, nunhas 100 palabras, a súa experiencia ou a súa opinión e valoración persoal en relación coa cuestión que lle é plantexada, neste caso relacionada indirectamente coa temática do texto proposto.

Na avaliación desta pregunta teranse en conta os aspectos estrictamente lingüísticos da expresión (corrección gramatical e sintáctica, riqueza e variedade do léxico, fluidez da expresión, riqueza de recursos expresivos) así como a coherencia e a ordenación lóxica na exposición do discurso. Será valorado negativamente non axustarse á extensión establecida, repetir literalmente frases do texto e non axustarse ao tema proposto no enunciado.

B. Criterios específicos de corrección e avaliación.

- Se existir unha comprensión total do texto cunha expresión correcta, sempre que se aporten elementos expresivos persoais, a puntuación será a máxima asignada ao apartado.
- Se existir unha comprensión total do texto, mais a expresión non for correcta, faranse as deducións oportunas en función da gravidade do erro (entre 0,1 e 0,4 puntos); os erros básicos de expresión (*élisions*, conxugación, concordancias, estruturas negativas...) son penalizados de forma considerable.
- Se a comprensión for parcial a puntuación verase reducida en función da gravidade da falla de comprensión (ata o 50% da puntuación asignada ao apartado).
- Se non houber comprensión, a pregunta non terá cualificación positiva.
- Non axustarse ás indicacións ou instrucións dos enunciados das preguntas é considerado un erro de comprensión, e será penalizado segundo o exposto anteriormente.
- Nas preguntas 3 e 4 serán penalizadas (ata o 50% da puntuación asignada ao apartado) as aportacións persoais ou de ideas que non estean presentes no texto.
- Se unha resposta non se axustar á extensión establecida no enunciado da pregunta se aplicará unha penalización de ata o 50% da puntuación asignada ao apartado.
- Se se transcribir literalmente un fragmento considerable de texto como resposta a unha das preguntas, aínda que o fragmento estea relacionado co contido da pregunta, a pregunta non terá cualificación positiva.